

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº01 DO PXOM DE TORDOIA



AVANCE OU BORRADOR

DOCUMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL





MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA

ÍNDICE

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA	3
1.- OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM.....	3
2.- ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL	3
2.1.- Antecedentes	3
2.2.- Contido da Modificación Puntual.....	7
3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES E TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES)..	8
4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.....	9
5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO	
DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.	10
5.1.- Estudo do medio físico.....	10
5.2.- Estudo do medio humano.....	13
5.3.- Estudo do medio construído.....	13
6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES E A SÚA CUANTIFICACIÓN.....	16
7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES.	18
7.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)	18
7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).....	18
8.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DA DO PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL	
SIMPLIFICADA.....	20
9.-RESUMEN DOS MOTIVOS DAS ELECCIÓN DA ALTERNATIVA.....	20
10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE CORRIXIR	
CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE, TOMANDO EN	
CONSIDERACIÓN O CAMBIO CLIMÁTICO.....	20
11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN.....	21

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE TORDOIA

1.- OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM

O obxectivo do presente documento é a modificación puntual do PXOM de Tordoia coa finalidade de emendar o erro detectado na cartografía empregada de base no PXOM, no tocante á non grafiación de dúas vivendas no núcleo rural do Carballal, parroquia de Vila de Abade (San Cibrán), e a consecuente redelimitación do núcleo rural.

2.- ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL


2.1.- Antecedentes

O Concello de Tordoia conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 7 de decembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº242 abeiro da redacción vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante, LOUPMRG).


Logo de analizado o planeamento vixente, obtéñense os seguintes datos no relativo ao ámbito de modificación:

- Nas proximidades ao núcleo rural do Carballal, a cartografía empregada nos diferentes documentos que conforman o PXOM aprobado definitivamente (2018), non reflicte a existencia de dúas vivendas ao nordeste da delimitación e as cales xa aparecen fotografadas no PNOA 2017.

Como consecuencia, a delimitación do núcleo rural exclúe desta as parcelas nas que se situarían ditas vivendas, por estar esta zona libre de edificacións.




Plano de ordenación do núcleo rural de O Carballal (10.02)



Plano de Clasificación Xeral do Solo e Sistemas Xerais (CX-2), no ámbito da MP.

DILIXENCIA: Cuxo o presente documento de Modificación Parcial N.º1 do PXOM de Tordoia foi aprobado inicialmente por acordo da sesión do Pleno do Concello, do día 7 de Febreiro de 2024. A Secretaría Beatriz Oveja Villalba (asinado dixitalmente)



- A Orde do 7 de decembro de 2018 de Aprobación Definitiva do PXOM de Tordoia, logo de analizar a documentación do documento aprobado provisionalmente en sesión do 04/10/2018, outorgou a aprobación definitiva do plan coa condición de emendar nun documento refundido entre outras a seguinte observacións:

(...)

“3. Clasificación e determinacións no solo de núcleo rural.

1º. Prodúcense delimitacións forzadas para englobar dentro do núcleo común terreos alleos a el, en: zona leste do Castiñeiro (01.06); zona norte de Tarroeira (05.10) e zona norte do Vilar (05.14); zonas norte e sur do Buño (06.03) e zonas nordeste e suroeste de Santaia (06.16); zonas nordeste e noroeste do Carballedo (10.02), zona nordeste de Castro (10.06) e núcleo común da Costa (10.09).”

(...)

No referido a observación da delimitación forzada que indica a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), no tocante á zona nordeste da delimitación do núcleo rural de Carballedo, esta ven motivada pola ausencia de parcelas edificadas.

A ausencia de parcelas edificadas, como xa se indicou, deriva nun erro de graficación da cartografía, o cal, tampouco foi evidenciado no momento de emendar as consideracións emitidas pola CMATV e elaboración do Documento Refundido do PXOM de Tordoia.



Visto o que antecede, procede a redacción da presente modificación puntual de cara a solventar o problema detectado durante a vixencia do PXOM. Para elo recollerase na cartografía as vivendas indicadas e valorarase unha delimitación do núcleo rural do Carballal que recolla a realidade existente e que á vez, sexa congruente coas consideracións da CMATV.

2.2.- Contido da Modificación Puntual

O documento que se tramitará conterá a seguinte documentación:


- Unha memoria xustificativa da necesidade de acometer a modificación puntual, a descrición e xustificación da nova ordenación proposta, o cumprimento da nova lexislación urbanística vixente e a cuantificación das novas superficies do PXOM.
- Un estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.
- Planos de información urbanística, referentes á ubicación, contextualización, relación co planeamento vixente e estado actual en relación co estado dos terreos e as infraestruturas urbanísticas.
- Planos coa nova clasificación e ordenación urbanística proposta.

3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES E TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES)

Plantéxanse dúas alternativas:


Alternativa 0: non execución da modificación puntual.

Suporía o mantemento da delimitación vixente do núcleo rural do Carbballal, á vez que se mantén o erro de representación da cartografía detectado durante a vixencia do PXOM de Tordoia.



Alternativa 1: Execución da modificación puntual.

Supón a emenda do erro detectado na cartografía empregada nos documentos do PXOM, no referido a non representación de dúas vivendas situadas na marxe nordeste do asentamento do Carbballal. Asemade, contéplase a redelimitación do núcleo retomando a delimitación proposta no Documento de Aprobación Provisional do PXOM, a cal decaeu por orde da CMATV motivada polo erro existente, o cal non foi evidenciado.



A alternativa “0” parte do feito de manter a clasificación e ordenación vixentes, o cal carecería de sentido, pois non daría resolución ao erro detectado nin a realidade existente.

A alternativa “1” parte do feito de emendar o erro detectado e con elo, realizar as modificacións necesarias, retomando a delimitación proposta no Documento de Aprobación Provisional do PXOM, a cal, da resposta a realidade existente.

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

Co desenvolvemento da presente modificación procédese a representación de dúas vivendas na cartografía empregada no PXOM, as cales xa existían no momento de elaboración do Documento de Aprobación Provisional, e cuxa non representación obedece a un erro durante a elaboración deste.

Como consecuencia, tras a representación na cartografía, evidénciase a necesidade de redelimitar o núcleo rural do Carballedo en base á delimitación proposta no Documento de Aprobación Provisional e fases previas, toda vez, que dita delimitación, na súa marxe nordeste, decaeu pola Orde emitida pola CMATV como consecuencia do erro de grafiación.

O desenvolvemento da modificación puntual producirá os seguintes efectos:

- Incremento da superficie clasificada como solo rural.
- Modificación, en consecuencia, da superficie clasificada como solo rústico de protección agropecuaria.

Así pois, a modificación plantexada afecta a dous ordes: unha modificación planimétrica e unha modificación normativa máis xenérica, e que afecta á ordenanza de solo de núcleo rural, ao incorporar no texto a referencia ao núcleo rural tradicional, o cal, se asimila ao núcleo rural histórico-tradicional recollido no PXOM.

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

5.1.- Estudo do medio físico

O concello de Tordoia atópase situado no centro da provincia de A Coruña, a poucos quilómetros ao noroeste de Santiago de Compostela entre os 43.1º e 43.8º de latitude e os 8.26º e 8.41º de lonxitude. Encadrado no extremo occidental da comarca de Ordes, linda cos municipios de Cerceda e Carballo ó norte, cos de Coristanco e Santa Comba ao oeste, cos de Val do Dubra e Trazo ó sur e cos de Oroso e Ordes ó leste.

O termo municipal ten unha extensión aproximada de 120 Km², polo que é sensiblemente maior que a media dos municipios galegos (94 Km²) e que a media dos municipios da provincia de A Coruña (84.8 Km²). Segundo o censo de 2022, conta cunha poboación de dereito de 3.192 habitantes, distribuídos en 10 parroquias e 136 entidades de poboación. A capital municipal, A Pontepedra, con algo máis de 400 habitantes, situada a 50 Km da capital provincial, atópase nunha posición moi centrada respecto á totalidade do territorio municipal.

O relevo de Tordoia pertence case na súa totalidade á conca do río Tambre, que discorre polo sur do termo municipal atravesando os concellos de Oroso, Trazo e Val do Dubra, e tan so unha pequena parte á do Anllóns e á do Xallas. Así, as maiores altitudes (en torno aos 500 metros) localízanse ó noroeste, na divisoria das tres concas ás que pertence o termo municipal, observándose un lixeiro e suave descenso cara o sur e leste, ata o río Lengüelle, un dos principais afluentes do Tambre.

Segundo os datos elaborados a partir das análise do Segundo Inventario Forestal Nacional para a provincia da Coruña, dedúcese que tan so o 20% da superficie do termo municipal está dedicada exclusivamente a uso forestal, ficando o 80% restante para uso agrícola, mesturado en moitos casos con matogueira e plantacións forestais, destinándose a maior parte deste terreo agrícola a prados e pastizais ligados a explotacións gandeiras. Pequenos cultivos de horta aparecen ligados á casa, abarcando unha certa variedade de produtos agrícolas (leguminosas, hortalizas, froiteiras, millo, videira,...), en xeral para consumo propio.

Polo que se refire á distribución sobre o territorio destes cultivos, pódese dicir que os prados e pastizais acostuman ocupar vagoadas, proximidade de fontes e correntes de auga, zonas

húmidas e vales pouco drenados, e en xeral zonas de pendentes suaves ou moderadas, nas que é frecuente modificar o curso natural dos regatos para canalizar a auga directamente aos pastos. Ao borde destas zonas de pradería acostúmanse ubicar as distintas entidades de poboación, constituídas tradicionalmente por casas rurais, con engadidos agrícolas, naves para o gando e pequenos cultivos de horta anexos. En cambio, as zonas de fortes pendentes ou de difícil acceso, pouco apropiadas para outras actividades e usos que non sexan os estrictamente forestais, viñeron tradicionalmente destinándose a monte.

Os 136 núcleos de poboación do concello representan unha ampla variedade de tipoloxías de asentamentos, repartíndose de forma desigual entre as dez parroquias que o compoñen.



Polo demais, estes asentamentos acostuman a presentar unha tipoloxía de aldea pechada, aínda que con diversos graos de complexidade. Outros factores peculiares, como a presenza de estradas, pazos ou casas grandes, igrexas ou capelas, etc. introducen os elementos de diversidade que caracterizan a cada asentamento.

No concello de Tordoia existe unha zona, en torno ó río Lengüelle, incluída no LIC do Río Tambre, da Rede Natura 2000. Tamén son zonas con especial valor ambiental algún dos humedais inventariados e o encoro de Vilagudín que comparte co concello de Ordes.

Delimitación da área de actuación

O ámbito da presente modificación puntual circunscríbese ao asentamento de O Carballal, o cal se sitúa ao sur do Rego das Cerdeiras, nun terreo que acada cotas de 430 e con vertente cara o rego mencionado.

As dúas vivendas que non foron grafadas na cartografía empregada na documentación do PXOM, sitúanse na marxe nordeste do asentamento, tal e como se representa a continuación:



DILIXENCIA: Que o presente documento de Modificación Parcial Nº1 do PXOM de Tordoia foi aprobado inicialmente por acordo da sesión do Pleno do Concello, na data 7 de Febrero de 2024. A Secretaría Beatriz Oveja Villafraile (estimado digitalmente)

5.2.- Estudo do medio humano

O municipio de Tordoia conta, segundo censo de 2022 cunha poboación de feito de 3.192 habitantes (5.029 en 2001, o que implica un decrecemento do 37 % en 20 anos). A densidade de poboación é bastante baixa, 26,60 habitantes/Km², por embaixo da media galega. Das parroquias que compoñen o municipio, Cabaleiros é a mais poboada, con 690 habitantes, o que supón o 21,61 % do total. Séguenlle as parroquias de Bardaos, Anxeriz e Vila de Abade, con 447, 398 e 384 habitantes respectivamente.


O núcleo rural do Carballal, obxecto da presente modificación puntual sitúase na parroquia de Vila de Abade (San Cibrán), a cal, se corresponden cunha das parroquias máis poboadas.

O asentamento do Carballal, conta a día de hoxe, con 109 habitantes, o que se considera unha cifra significativa, posto que despois do Pontepedra e O Petón, é o núcleo máis poboado.


5.3.- Estudo do medio construído

a) Infraestruturas viarias

A rede viaria municipal, artículase principalmente a partires das estradas autonómicas (AC-400), a cal suca o concello de noroeste a nordeste, e da deputación (DP-1914, DP-5902 e DP-8401), que conectan os diferentes viais municipais coas estradas autonómicas (AC-400 e AC-413).



O ámbito da presente modificación puntual atópase ao sur da AC-400 e conéctase a esta mediante unha ampla rede de camiños municipais.



b) Infraestruturas de servizos

Abastecemento de auga


Polo que se refire á rede de abastecemento de auga, esta atópase moi espallada abarcando amplas zonas do termo municipal, podéndose dicir que a maior parte das aldeas do municipio contan con este servizo, ben sexa a súa titularidade municipal ou veciñal.

A rede municipal, acumula varias captacións que son conducidas ó depósito principal, de 1.700 m³, ubicado no alto do Bico do Petón a 439 m de altura. Este depósito fornece á localidade da Pontepedra, a partir da cal foise ampliando nos últimos anos para dar servizo a outras poboacións como Balsa, Soufe, Tañe, Seixán, Salgueiroa, Monte Vello, Oleiros e Carballadrade, todos eles na parroquia de Cabaleiros. Tamén están abastecidas por este depósito as parroquias de Gorgullos, Castenda, Tordoia e parte de Bardaos.

As parroquias de Anxeriz, Numide e Leobalde contan con varias traídas veciñais para o conxunto dos seus núcleos.

Como se ve, a maior parte do concello goza de servizo público de abastecemento de auga, sendo ademais frecuentes as captacións realizadas a título particular, (por medio de pozos, depósitos, etc.) ou as traídas executadas por grupos ou asociacións de veciños.

Non en tanto, o asentamento do Carballal en particular, e a parroquia da Vila de Abade (San Xoán) en xeral, non conta con rede de abatecemento, sendo esta realizada a base de captacións particulares.



Visor Eiel. Mapa de abastecemento

Saneamento

A rede de saneamento só dá servizo total ou parcial ás localidades da Pontepedra, Monte Vello, a Balsa e Soufe, na parte central do concello, A Tablilla na zona norte e Pedrasalgueira en Anxeriz.

Na Pontepedra a rede esténdese a través do entramado viario e, aínda que ate fai uns anos vertía directamente ao río, na actualidade as augas residuais van parar a unha depuradora situada no río do mesmo nome. Esta depuradora, cunha capacidade de tratamento punta de 4,63 l/s considérase suficiente para as necesidades actuais da poboación, ó poder servir a unha poboación de 2.700 habitantes, moi superior ós 473 que abastece na actualidade.

A rede de saneamento da Tablilla é conducida á unha fosa no concello de Cerceda con capacidade para 1.950 m³/ano.

Na parroquia de Anxeriz existe unha fosa no lugar de Pedrasalgueira con capacidade para 93 m³.

No restante do concello, o sistema de vertido de augas residuais mais xeneralizado consiste en fosas sépticas individuais. Esta situación é a que acontece no asentamento do Carballal en particular, e a parroquia de Vila de Abade (San Xoán) en xeral, os cales non conta con rede de saneamento, sendo esta realizada a base de fosas sépticas individuais.



- Sociedade e economía.

A redelimitación do núcleo rural do Carballal permitirá a regularización de varias vivendas existentes, o que se considera, en todo caso, positivo.

- Consumo de auga

O aumento do consumo de auga está relacionado co aumento da poboación do ámbito. A modificación puntual suporá a incorporación ó núcleo rural de 22 vivendas xa existentes que non aportan consumo posto que xa están executadas, e a posibilidade de execución de 4 novas vivendas fronte as 2 permitidas pola delimitación vixente, o que non se considera un incremento de consumo significativo.

En todo caso, e tralo exposto no documento da Memoria Informativa, o asentamento do Carballal non conta con rede de abastecemento, motivo polo cal, as novas vivendas contarán cun servizo individual de captación.

- Verquidos

Os verquidos que se van producir son proporcionais á auga consumida.

Ao igual que no caso anterior, as vivendas existentes contan a día de hoxe con fosas sépticas individuais, mentres que as vivendas estimadas edificables deberán resolver por medios propios o saneamento.

- Residuos sólidos urbanos

En termos xerais producirase unha diminución dos residuos, tan so se verá incrementado no solo rural, por mor da posibilidade de executar ata 4 novas vivendas máis.

- Contaminación atmosférica derivada do tráfico.

Estímase un aumento de 8 vehículos día (2 vehículos x vivenda) circulando polas proximidade do núcleo rural. Considerando unha media de percorrido de 10 km, o aumento dos GEI asociado a esta actuación estímase en 0,082 T/ano, o que, comparativamente co contorno, se considera compatible.

- Contaminación lumínica

O ámbito de núcleo que se amplía xa conta con alumeado público, polo que non se vai producir aumento da contaminación lumínica.

- Consumo de enerxía

A execución do ámbito producirá un aumento do consumo de enerxía.

Cun grao de electrificación alta as 4 vivendas que se poderán edificar necesitarán unha potencia de 60 KW.


7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES.

7.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)

O Concello de Tordoia conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 7 de decembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº242 abeiro da redacción vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante, LOUPMRG).

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (en diante, RLSG).

No tocante ao ámbito da presente modificación puntual, o PXOM de Tordoia, delimita como solo de núcleo rural a seguinte extensión, na cal non se inclúen, nin se representan as dúas vivendas mencionadas.



Plano de ordenación do núcleo rural de O Carballal (10.02)

7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)


O Concello de Tordoia está situado no segundo cinto de concellos do arco de Santiago e pertence funcionalmente á comarca de Ordes. É un concello eminentemente rural, cunha forte

presenza aínda do sector primario na súa estrutura produtiva. O concello de Ordes, ó que se vincula funcionalmente o de Tordoia, e a súa Vila, están considerados nas Directrices de Ordenación do Territorio, DOT, como Nodos para o Equilibrio do Territorio.

Segundo este documento o Concello de Ordes debe aproveitar as oportunidades asociadas á localización entre dúas Rexións ou Áreas urbanas, debendo actuar de centro de prestación de dotacións e servizos no espazo intermedio entre a Rexión urbana Ártabra e a Área urbana de Santiago.

Atendendo ás DOT o Concello de Tordoia englobase dentro do denominado Espazo Rural, e atendendo á proximidade de Ordes e ás súas especificidades, debe encadrarse dentro dos denominados espazos rurais intermedios.

“Os espazos rurais intermedios: Sitúanse en espazos relativamente distantes dos centros urbanos principais. Contan cun nivel infraestrutural aceptable e organízanse funcionalmente a partir das áreas de gravitación dos núcleos do Sistema urbano intermedio. Os niveis de despoboamento comezan a ser preocupantes nalgúns casos e manteñen unha base produtiva agropecuaria e forestal con diverso grao de desenvolvemento que pode convivir con iniciativas empresariais non agrícolas, que nalgúns casos acadan un pulo significativo, converténdose en motores de desenvolvemento endógeno.”



Nodos para el equilibrio del territorio

8.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DA DO PROCEDIMENTO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA.

Enténdese que a modificación puntual que se plantexa debe someterse ó procedemento de avaliación ambiental simplificada polos seguintes motivos:

- Trátase dunha modificación menor dun plan xeral recentemente aprobado.
- A modificación é plenamente compatible coas DOT.
- A modificación propón unha modificación no uso de reducida extensión e en todo caso ten efectos positivos sobre o medio ambiente ó diminuír a superficie de solo urbanizable e situarse de maneira máis axeitada en relación cos asentamentos de poboación, os elementos patrimoniais protexidos, a paisaxe, a topografía ou as infraestruturas.
- A modificación no afecta a espazos incluídos na Rede Natura 2000 nin a outros espazos protexidos pola lexislación sectorial.
- A modificación, tal e como quedou expresado, leva aparellados, na meirande parte das variables analizadas, efectos positivos.

9.-RESUMEN DOS MOTIVOS DAS ELECCIÓN DA ALTERNATIVA

Tal e como se indicou anteriormente plantéxanse dúas alternativas.

A alternativa “0” xa amosou a súa inviabilidade ó non dar solución ao erro detectado na cartografía, e como consecuencia, non dar resposta á realidade existente.

A alternativa “1” parte do feito de emendar o erro detectado e con elo, realizar as modificacións necesarias, retomando a delimitación proposta no Documento de Aprobación Provisional do PXOM, a cal, da resposta a realidade existente.

Tendo en conta os obxectivos da presente modificación puntual, así como os efectos ambientais previsibles, enténdese que a alternativa máis axeitada resulta a “1”.

10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVI, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE, TOMANDO EN CONSIDERACIÓN O CAMBIO CLIMÁTICO.

Este apartado describe as medidas que se adoptarán para prever, reducir e contrarrestar calquera efecto negativo para o medio ambiente ou ámbito socioeconómico derivado da aplicación da Modificación Puntual do PXOM.

Os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación da Modificación Puntual procederán do incremento do número de vivendas estimadas edificables.

Así pois, existen impactos derivados da fase de execución das obras das novas vivendas, os cales desaparecen no momento no que a edificación estea totalmente rematada.

Existen outros efectos negativos provocados polo aumento do número de vivendas no núcleo rural (22 novas vivendas incorporadas e 4 edificables no núcleo) que vai acompañado do aumento do número de habitantes o que se traduce no aumento dos residuos sólidos urbanos, no aumento da contaminación lumínica e no aumento no consumo de enerxía.

En todo caso estes efectos teñen unha dimensión tan reducida que non se poden considerar representativos á hora de deseñar unha serie de medidas correctoras particulares para este ámbito concreto.

Existen outras medidas xenéricas que serán tomadas como a recollida selectiva que xa se leva a cabo con concello de Tordoia, o uso de sistemas de iluminación máis eficientes e a obrigatoriedade para as novas vivendas de incorporar sistemas que minimicen o consumo de enerxía.

11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN.

Tendo en conta os impactos identificados e/ou previstos nas diferentes fases de execución da Modificación Puntual do PXOM non se considera necesario deseñar ningún plan de seguimento.

Tordoia, agosto de 2023

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

Arquitecto